

# PLAN DI XI TAL

IES Terra de Turonio

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

# 1. Introdución

## 1.1. Datos básicos do centro

IES Terra de Turonio Código do centro:36020261

Enderezo: Gaiandas s/n 36380 Gondomar Pontevedra

Tfn: 886110206

WEB: https://www.edu.xunta.gal/centros/iesterradeturonio

Mail: ies.terraturonio.gondomar@edu.xunta.gal

Etapa educativa : - ESO e CICLO MEDIO DE GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE

n.º alumnado : 267

n.º profesorado : 34

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A dixitalización hai xa uns anos que chegou e prospera nas nosas aulas. O profesorado, alumnado e comunidade educativa en xeral xa non observa a dixitalización dende un segundo plano senón que son arte e parte da súa utilización nos centros de ensino.

A Lei 3/2006 Orgánica da Educación incorporaba dentro do marco das capacidades básicas unha nova liña de actuación na utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación, en diante denominadas TIC. No Decreto 133/2007, do 5 de xullo, que regulaba as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, xa se establecía que adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación incidindo dende tódalas áreas do currículo é unha peza clave no proceso de aprendizaxe do alumnado. Actualmente, o Decreto 86/2015 do 25 de xuño, no artigo 39, do Titulo IV, Educación dixital, fala no seu punto 2 de que os “contornos virtuais de aprendizaxe que e empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos,

deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo".

No IES Terra de Turonio sempre fomos conscientes da importancia de levar as TIC á aula. Por iso, xa polo ano 2007, elaboramos un proxecto sobre a implementación das TIC que foi seleccionado pola Consellería de Educación para poñelo en marcha. Iso levounos ao ano seguinte a solicitar a incorporación do noso centro á rede de escolas Abalar, que unha vez conseguida achegámonos á utilización do computador como unha ferramenta máis da aula.

Finalmente no ano 2010 realizouse un obradoiro para a aplicación, incorporación e creación de contidos dixitais na aula Abalar. Pero non soamente utilizamos o espírito abalar en 1º e 2º ESO, senón que dada a creación dunha nova aula TIC e a incorporación de computadores e PDI en case todas as aulas do instituto permitiu traballar con material dixital, plataformas e-learning, software, multimedia, dentro da aula.

Así pois poderiamos dicir que a nosa aposta deu os seus froitos e que temos un instituto "dixitalizado". Con todo, desde hai tempo estamos a observar unha fenda dixital entre alumnado de distintos status sociais.

Sendo conscientes disto, o profesorado do IES Terra de Turonio trata de desfacer, cos medios que contamos, dita desvantaxe, pero temos un aspecto dixital que é imposible liquidar cos medios actuais cos que podemos dispoñer e é a utilización dos medios dixitais nun ambiente familiar non dixitalizado onde a maioría das familias son de clase media-baixa cunha alta porcentaxe de paro e dun entorno rural onde non chega Internet en moitas parroquias.

A resolución do 7 de Maio de 2018 , da dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se convoca a selección de centros para participar non proxecto E- dixgal , deunos a solución ao noso problema. Dito proxecto está ofertado para limar as diferenzas de aprendizaxe dixital ofrecendo un computador particular a cada alumno e a posibilidade de estudar nunha contorna dixital interactiva.



Así e todo, na situación actual derivada da pandemia, observamos como a fenda dixital e o apagado da Internet fíxose máis evidente pola necesidade do uso de equipamentos e plataformas dixitais para o ensino telemático e, por tanto, fíxose tamén máis evidente a necesidade de formación xeneralizada por parte do profesorado e do alumnado, así como das familias. Un proceso de formación que se realizou dun xeito forzado e apresurado durante o confinamento de marzo de 2020 e que no curso 20-21 xa se incluíu como obxectivo prioritario no plan de formación do profesorado.

Durante o curso escolar 20/21 aprobouse o proxecto TIC do IES Terra de Turonio, eficiente e adecuado con esta nova realidade social que nos tocou vivir. Agora toca dar un paso máis e implementar un plan coherente, que una o esforzo realizado estes anos co futuro dunha escola eficientemente dixitalizada.

A resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 proponnos o uso do Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, desenvolto polo Joint Research Centre (JRC) da Comisión Europea, para facer unha análise da realidade dos nosos centros e deseñar un plan de acción dixital.

O obxectivo é promover a ferramenta SELFIE de avaliación e diagnóstico dos centros educativos sobre a súa competencia dixital. Con isto, preténdese mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino- aprendizaxe, de xestión e de relación.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Nun proxecto do noso centro no ano 2007 xa falabamos da dixitalización das aulas, e percorremos un longo camiño no uso das TIC. Isto demostra que desde sempre fomos plenamente conscientes de que contamos con alumnos do século XXI, que naceron nunha sociedade xa dixitalizada. A tecnoloxía evolucionou desde entón, e nós queremos seguir evolucionando con ela. Polo tanto, a nosa comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado...) esperan, e celebran que a aprendizaxe pase por unha nova etapa que leve a unha escola TAC (Tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento). É dicir, non usar as TIC para buscar o coñecemento senón aprender a través das TICs. Considerámonos unha escola “ STEAM “ (Science, Technology, Engineering, Art and Math), na que os educadores compartimos experiencias e plans para conseguir unha mellor aprendizaxe do alumnado. Incluímos Art porque pensamos que temos que fomentar a creatividade como parte fundamental na adquisición das competencias clave.

A aprendizaxe nunha escola TAC que achegue ao alumnado os recursos necesarios para alfabetizarse dixitalmente, aprender en base á creación interactiva, afianzar o pensamento crítico e relacionar procesos grazas ao traballo colaborativo con outros, é o principal obxectivo dos educadores do IES Terra de Turonio



A nosa inquietude pola aprendizaxe baseada nas plataformas de e-aprendizaxe empurrounos a unirnos nun primeiro momento á plataforma de aprendizaxe Agueiro, precisamente polos motivos que comentabamos na introdución: como un modo de garantir a igualdade do alumnado procedente de distintos status sociais con respecto á súa competencia no uso da tecnoloxía dixital nun mundo tan “virtual” como o que vivimos. As nosas aspiracións e experiencias poden lerse no seguinte link: Regularizando o uso das plataformas de e- aprendizaxe

Posteriormente, quixemos dar un paso máis nesa equiparación de aprendizaxe dixital mediante a incorporación do centro ao proxecto E-dixgal, que proporcionará un portátil a cada estudante e afianzará o seu manexo no emprego das TICs como unha ferramenta do seu día a día. Así pois, este é o primeiro e máis importante obxectivo que nos move para a realización do proxecto. Pero entre outros tamén poderiamos destacar :

- Elaborar e transvasar os contidos das nosas web públicas ou privadas á plataforma E- dixgal. Incorporar o portafolio Agueiro a dita plataforma.
- Interrelacionar os distintos sectores da comunidade educativa a través das TICs.
- Dotar á plataforma dunha serie de recursos e contidos que permitan descargalos para que o alumnado poida completar, reforzar, ampliar coñecementos.
- Seguir facendo os nosos propios vídeos, revistas e podcast dixitais pero incorporalos á estrutura de aprendizaxe interactiva.
- Potenciar o método científico e a creatividade a través da interacción dixital.
- Usar as TIC para a creación de contextos comunicativos, chats, foros, correo electrónico, blogues, etc.
- Empregar as TIC para buscar, obter, procesar e comunicar información coa fin de transformala en coñecemento. Uso racional da rede como fonte de información.
- Analizar criticamente a información atopada comparando feitos.
- Promover a facilidade de acceso ás TIC cara ao tratamento da diversidade; fomentar a igualdade das persoas con independencia da súa condición social.

Actualmente estámonos a preparar cara a metodoloxía TEP (Tecnoloxías para o empoderamento e participación), donde o alumnado ten un papel proactivo e autónomo, guiados pola curiosidade innata do ser humano, na que o profesorado xurde no rol de dinamizador e non un mero proveedor de experiencias. A tecnoloxía dixital e en particular internet e as plataformas e-learning son mediadores nunha experiencia de aprendizaxe particular (cada quen utiliza os seus propios recursos) e colectiva (cada quen está habilitado para compartir e enriquecer o seu aprendizaxe co dos demáis). As plataformas dixitias en xeral, e edixgal

en particular, ofrécennos un espazo colaborativo e diverso onde o alumnado pode estimular o seu pensamento crítico, computacional, razoado, visual e proactivo.

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a organización así como a elaboración deste plan dixital, o centro conta cun equipo de coordinación dixital do cal forman parte un representante de cada unha das seccións do centro. Por tanto, dito equipo está formado pola directora, a secretaria, a dinamizadora edixgal, unha profesora representante do ámbito de humanidades, unha profesora representante do ámbito de ciencias, un profesor representante do ciclo formativo e a orientadora. O centro creou un grupo de traballo que forma parte do Plan de formación do centro (PFPP) para o deseño, regulación e organización do plan dixital. Dito plan será logo analizado pola Comisión Pedagóxica e sometido a votación no Claustro de profesorado e Consello Escolar.

Dito equipo será o encargado de liderar e gobernar os distintos aspectos educativos e organizativos que xere o PLAN DIXITAL DO CENTRO.

Estando así representados os distintos departamentos educativos do centro, empezamos a elaboración deste plan dixital baseandonos no proxecto TIC de cursos anteriores e nas enquisas feitas a alumnado e profesorado ao final de cada curso.

Coordinamos asememsmo a  participación do máximo número posible de profesorado e alumnado no test SELFIE e no test de competencia dixital docente (CDD)

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Dado que eramos centro Abalar, xa tiñamos todos os estándares aplicables a clases con kit de dixitalización Abalar para a incorporación no

proxecto E-dixgal. Así pois, posuímos a nova asignación de VLANs que permite definir un estándar único por centro, o Switch Abalar coma Switch principal do centro é unha rede abalar interna dentro da propia intranet con puntos de acceso Wifi en cada aula abalar. A nosa velocidade de rede é duns 100 Mbps. Dita rede Abalar permite unha conexión automática aos portátiles edixgal do alumnado nas aulas abalar, pero ademais dela temos puntos de acceso á rede edu.xunta.es con repetidores.

O alcance é a toda a planta 1ª principal e das aulas do alumnado e, por mor da pandemia, amplíouse para a planta soto. Tamén contamos coa rede Siega, configurable en calquera dispositivo electrónico.



No noso IES contamos, por tanto, na actualidade con tódalas aulas E-dixgal para toda a etapa da ESO. Ditas aulas teñen todo o kit completo esixible nas devanditas aulas (proxector, pizarra dixital, armario de carga dos portátiles edixgal do alumnado ou armario con regleta de alimentación.

Tamén en cada unha destas aulas temos un portátil do profesor adaptado á maqueta abalar 8.0. Nas aulas materia (a excepción do laboratorio e salón de actos) contamos con pizarra dixital. E en todas contamos con proxector, equipo de son e portátil de profesorado. A rede por cable/WIFI chega a todas elas.

No noso centro tamén contamos cun ciclo formativo medio: TÉCNICO EN GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE. Dito ciclo está nun aula completamente dixitalizada e coas mesmas caracteríticas cas aulas edixgal. En canto a ordenadores por estudante, o ciclo conta cunha aula de informática anexa para uso do alumnado.

Comentar tamén que o centro conta con 13 ordenadores con conexión a internet para alumnado confinado na casa e que non conte con conexión a internet.

O centro pon, así mesmo, a disposición do alumnado portátiles edixgal en préstamo no caso de malfuncionamento dos seus propios portátiles. Mesma situación sería para o profesorado con equipación edixgal.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A ferramenta de autodiagnóstico SELFIE (autorreflexión sobre unha aprendizaxe efectiva mediante o fomento da innovación a través de tecnoloxías educativas innovadoras), permite evaluar a situación dun centro educativo en relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes do JRC Sevilla da Comisión Europea, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.

En Outubro do 2021 empregouse por primeira vez esta ferramenta de autoavaliación dixital do centro educativo . Participaron o 100% de membros do equipo directivo, o 57% do profesorado do centro e o 81% do alumnado. O SELFIE xera una instantánea da situación dixital do centro educativo e pode usarse como primeiro peldaño para orientarnos na ruta do plan dixital do centro. Esta ferramenta está fomentada polo Marco de Referencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, coñecido polo acrónimo  DigCompOrg , que ten como finalidade prestar apoio ás organizacións educativas para promover a súa dixitalización dunha forma sistemática e estratéxica.

A autoavaliación SELFIE se presenta con 3 cuestionarios independentes (dirección, alumnado, profesorado) . A maior parte das preguntas respóndense utilizando unha escala de cinco puntos, na que 1 é a puntuación máis baixa e 5 a máis alta. En SELFIE utilízanse varias escalas distintas, dependendo da formulación da pregunta. Tamén hai un pequeno número de preguntas ás que os usuarios deben responder coas súas propias palabras.

Os tres cuestionarios contan cunha serie de preguntas básicas (e obrigatorias ou fixas), organizadas en oito áreas de práctica comúns.

Área A: Liderado

Área B: Colaboración e redes

Área C: Infraestrutura e equipos

Área D: Desenvolvemento profesional continuo

Área E: Pedagoxía: Apoios e recursos

Área F: Pedagoxía: Implementación na aula

Área G: Prácticas de avaliación

Área H: Competencias dixitais do alumnado

En dita enquisa participou un 100% dos membros da dirección, 56 % do profesorado e 81 % do alumnado

A modo de resumo establecemos a seguinte táboa dos resultados obtidos nos distintos sectores (Liderado, profesorado e alumnado)

| Areas | Grupos | Nivel ESO Nivel 1 (baixo) a 5 (alto) |
|---|---|---|
| A -Liderado | Equipo Direct. | 3 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | - |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 2 |
| | Profesorado | 3 |
| | Alumnado | 3 |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 4 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | 4 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 3 |
| | Profesorado | 3 |
| | Alumnado | - |
| E- Pedagoxía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 3 |
| | Profesorado | 4 |
| | Alumnado | 4 |
| F- Pedagoxía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 3 |
| | Profesorado | 3 |
| | Alumnado | 3 |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 2 |
| | Profesorado | 3 |
| | Alumnado | 3 |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 3 |
| | Profesorado | 3 |
| | Alumnado | 4 |

Por outra banda, tamén realizamos o test CDD que mide a competencia dixital docente do noso centro. Este test é para o profesorado que imparte clase no centro e permítenos unha autoreflexión persoal sobre nosa competencia dixital. O nivel de participación foi dun 66,7% e na táboa seguinte podemos analizar o nivel de competencial dixital dos participantes baseado no Marco Europeo de Referencia para la Competencia Digital Docente que abarcan dende os niveis A1 (principiante) ao C2 (pioneiro).

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|---|---|---|
| Principiante (A1) | 1 | 3,8% |
| Explorador/a (A2) | 10 | 38,5% |
| Integrador/a (B1) | 9 | 34,6% |
| Experto/a (B2) | 3 | 11,5% |
| Líder (C1) | 3 | 11,5% |
| TOTAL | 26 | 99,9 % |

Estructurado nos dintintos niveis competenciais, o informe amosa a seguinte táboa de resultados:

| | Puntuación | Puntuación total da área | Puntuación media sobre 10 |
|---|---|---|---|
| 1. Compromiso profesional | 22,7 | 54 | 4,2 |
| 2. Recursos dixitais | 14,1 | 30 | 4,7 |
| 3. Ensino e aprendizaxe | 11,5 | 30 | 3,8 |
| 4. Avaliación | 7 | 18 | 3,9 |
| 5. Capacitación do alumnado | 9 | 24 | 3,8 |
| 6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado | 12,4 | 36 | 3,4 |
| Total | 76,7 | 192 | 4 |

## 2.3. Análise DAFO

Baseándonos no informe SELFIE e no informe do CDD, presentamos o informe DAFO obtido, baseándonos nos items relativos aos distintos estamentos do centro:

### Fortalezas

**Persoal docente**

Área G: Prácticas de avaliación: Utilizo medios dixitais para feedback Área D: Desenvolvemento profesional continuo: Temos acceso a posibilidades de formación

**Persoal non docente**

Área H: Competencias dixitais do alumnado: Aprender a comunicarse usando tecnoloxías dixitais

**Alumnado**

Área F: Pedagoxía: Implementación na aula: Implicación do alumnado

**Oferta**

Área A: Liderado: Apoio profesorado explore nuevas metodoloxías

**Familias**

Área E: Pedagoxía: Apoios e recursos:Uso de tecnoloxía dixital para a comunicación

**Organización de centro**

Área B: Colaboración e redes: Evaluación sobre o proceso

**Infraestructuras**

Área C: Infraestrutura e equipos: Dispositivos dixitais

### Debilidades

**Persoal docente**

Área D: Desenvolvemento profesional continuo: Intercambio de experiencias

**Persoal non docente**

Área F: Pedagoxía: Implementación na aula: Colaboración entre alumnos/familias

**Alumnado**

Área G: Prácticas de avaliación: Facilitar co alumnado faga comentarios constructivistas sobre traballo de compañeiros

**Familias**

Área B: Colaboración e redes: Colaboración outras organizacións

**Oferta**

Área E: Pedagoxía: Apoios e recursos: Recursos educativos

**Organización de centro**

Área A: Liderado: Estratexía dixital

**Infraestructuras**

Área C: Infraestrutura e equipos: Repositorios

## Oportunidades

**Contorna**

Área G: Prácticas de avaliación: Evaluación de habilidades do alumnado vía dixital

**Outras entidades**

Área B: Colaboración e redes:Proxectos interdisciplinares

**ANPA**

Área C: Infraestrutura e equipos: Creación biblioteca/repositorio

**Lexislación**

Área A: Liderado: Normas sobre derechos

**Administración educativa**

Área D: Desenvolvemento profesional continuo: Creación de intercambios e-learning

**Proacción**

Área F: Pedagoxía: Implementación na aula: Fomento de la creatividad

**Plataformas**

Área E: Pedagoxía: Apoios e recursos: Normalizar uso de plataformas

**Variedad de pensamiento**

Área H: Competencias dixitais do alumnado: Ampliar pensamento computacional do alumnado

## Ameazas

**Outras entidades**

Área B: Colaboración e redes:Debate sobre ventaxas , desventaxas

**ANPA**

Área C: Infraestrutura e equipos: Tecnoloxías asistenciais

**Lexislación**

Área E: Pedagoxía: Apoios e recursos: Empleo de plataformas

**Administración educativa**

Área A: Liderado: Desarrollamos a extratexía dixital co profesorado

**Contorna**

Área F: Pedagoxía: Implementación na aula: Proxectos interdisciplinares

**Organización**

Área D: Desenvolvemento profesional continuo: Tempo

**Retroalimentación**

Área G: Prácticas de avaliación: Utilizo datos de alumnado para mellorar o seu aprendizaxe

**Variedad de pensamento**

Área H: Competencias dixitais do alumnado: Alumnado non aprende a codificar

## 3. Plan de Acción

A continuación propoñemos 5 liñas de medidas necesarias para o correcto funcionamento do PLAN DIXITAL. Ditas medidas van dirixidas:

a) As aulas edixgal
b) Responsabilidades
c) Ensinanza
d) Formación
e) Relaciones entre sectores

### 3.a) Medidas a tomar nas aulas e postas en coñecemento dos usuarios das aulas edixgal

NORMAS DE USO DAS AULAS EDIXGAL

O alumnado de toda a etapa da ESO terá adxudicado un portátil/cargador/maletín que poderá levar a súa casa.

As aulas edixgal están dedicadas ao alumnado da ESO, nelas o alumnado ten un armario cargador aberto e baleiro onde pode cargar o portátil ou ben unha regleta para cargar, neste caso deberá traer o seu propio cargador.

Como norma xeral, cando o alumnado da ESO saia da súa aula o seu portátil deberá estar gardado no seu propio casilleiro pechado con candeado ou ben levalo consigo. A mesa deberá deixala despexada.

No recreo non se poderá deixar portátiles sen gardar nos propios casilleiros e a aula deberá ser pechada polo profesor.

Calquera incidencia en ditas clases deberá ser comentada o antes posible ao coordinador edixgal.

Dado que ditas aulas poderán ser utilizadas por outro alumnado do centro, este deberá seguir as mesmas normas e especificacións en canto a portátil do profesorado en tódalas aulas do centro. As normas expóñense a continuación :

Normas Proxector e PDI

a) O proxector acéndese co mando a distancia existente en cada clase . É conveniente que cando non se use se apague para evitar o consumo da lámpada .

b) O proxector deberá estar conectado ao portátil do profesorado mediante cable VGA. No caso que un profesor use o seu propio portátil e quite dito cable, deberá voltar a conectalo como estaba ao finalizar a súa sesión

c) A Pizarra dixital tamén está conectada vía USB ao portátil do profesor e se se desconecta deberá volverse a conectar como estaba ao finalizar a sesión. As PDI desconectadas descalíbranse e non coincide a presión do bolígrafo dixital co seu rastro. Avisar ao coordinador edixgal o tic para configurala. O lapis dixital deberá atoparse no caxetín feito ao efecto na PDI.

Normas Portátil do profesorado

a) O portátil do profesor deberá estar conectado á PDI e ao proxector. O portátil pode ser acendido polo primeiro profesor en entrar na aula e apagado polo último profesor. Isto evita tempos inútiles no acendido. Se o profesor quere deixar algún ficheiro no portátil, deberá crear una carpeta co seu nome e materia para almacenalos alí.

b) O alumnado non ten permiso para usar ese portátil sen consentimento expreso dun profesor e baixo ningunha circunstancia se deixará alumnado só co ordenador.

Normas de uso dos portatiles EDIXGAL do alumnado

a) Entrega e recollida dos portátiles

Os portátiles do alumnado se entregarán nas primeiras semanas de Setembro se é novo no centro ou se empeza 1º da ESO.

O alumnado que pasa dun curso a outro ata 4º continua co seu ordenador no verán .

O ordenador é unha cesión da Xunta ao alumnado e polo tanto os pais/titores do alumnado firmarán un documento de cesión no que se o seu fillo se compromete a coidalo e facer bo uso del .

Os problemas debidos a neglixencias ou mal uso por parte do alumnado deberán ser reparadas polos pais/titores ao seu custo. Para iso teñen un Servizo Premium que lles dirá como teñen que facer para arranxalo. O teléfono do Servicio Premium é 881869900. Hai a posibilidade de facer un seguro de 50€.

Cando remate 4º ESO o alumnado que promociona deberá entregar portátil e cargador en perfecto estado, borrado todos os ficheiros persoais e asinará un documento de recollida que da fe de que isto se cumpre. Na recollida se comprobará o bo funcionamento e carga do ordenador.

b) Garda e custodia dos portátiles

Tanto o portátil como o cargador levan un número de serie e están asociados ámbolos dous cun alumno concreto. Deste xeito, se un alumno entrega un cargador distinto do que lle deron en setembro terá desparellado portátil e cargador.

A perda do cargador_portátil significa a compra doutro e isto ten que ser comentado ao Servicio Premium que lles dirá como facer.

O portátil deberá vir cargado ao centro tódolos días.

O cargador poderá deixarse na casa posto que o alumnado ten en cada clase un armario para poder recargalo en caso de que se lle acabe a batería.

En caso de que o profesorado vexa que un alumno repite unha conduta neglixente de abandono do portátil, este poderá ser retirado da custodia do alumno coa correspondente sanción, gardado no centro e

usado polo alumno ao longo da mañá, volvéndose a ser almacenado no centro na última hora.

Se o alumno en cuestión amosa un cambio de conduta con responsabilidade e madurez na custodia do portátil, este poderá volver a ser entregado ao alumno.

c) Uso do software

O alumnado non ten privilexios para descargar ningún programa no ordenador.

A visita en Internet de páxinas web perigosas para menores será apercibida como unha falta de mala conduta e será motivo de sanción disciplinaria.

Na casa recomendamos aos pais a vixilancia deste tipo de navegación porque pode supoñer un perigo para o seu fillo/a. Na web do instituto estarán documentados no epígrafe "Aulas edixgal" uns consellos sobre seguridade na rede.

O portátil vén cunha instalación do sistema operativo chamado "maqueta abalar", que contén programas propios para uso do alumnado.

***3.b) Medidas a tomar en canto a funcións e responsabilidades***

Formarase un equipo dinamizador cada curso respecto das novas tecnoloxías e a súa implementación na aula. O formará un dos membros dos sectores compoñentes do claustro do profesorado. Así pois formarán parte del:
A directora,
A secretaria,
A orientadora,
Unha profesora do ámbito de humanidades,
Unha profesora do ámbito de ciencias,
Un profesor do ciclo e
A dinamizadora TIC, que fará as funcións de coordinación de dito equipo.

A responsabilidade de acceso, implementación, evaluación e difusión de dito plan correrá a cargo de dito equipo.

***3.c) Medidas a tomar dacordo cos procesos de ensinanza e avaliación***

Para que o alumnado aprenda e xestione os contidos a base de manipular ferramentas dixitais, propoñemos os seguintes elementos a conseguir, grazas a unha metodoloxía flexible e variada, baseada no cooperativismo, onde existan distintos recursos para atender á diversidade, onde o alumnado sexa parte activa na súa propia aprendizaxe e onde a creatividade sexa o motor de todo o desenvolvemento competencial. Tentaremos en todo momento de crear un escenario interactivo de participación do alumnado no que as novas tecnoloxías incidan na súa formación, que os leve a crecer na súa curiosidade, motivación e apetito de información para garantir un ensino individualizado que atenda á diversidade.

Pasos a seguir:

Para o alumnado:

Principiante: a) Familiarización cos libros dixitais e o seu contexto, b) Manual de boas prácticas traballando en rede, c) Seguridade dixital, d) Prácticas interactivas grazas á creación dun curso tutorial accesible en todo momento (coordinación).

Intermedio: e) Creación de contidos dixitais, f) Busca, captura e tratamento da información.

Avanzado: g) Elaboración de recursos dixitais, h) Posta en marcha do seu propio portafolio con Agueiro, i) Difusión do seu traballo dixital, j) Deberán expoñer ou seu traballo aos compañeiros. Usarán software axeitado para facer presentacións, vídeos, música, imaxes, procesadores de texto, etc.

Para o profesorado:

Principiante: a) Adaptación do libro dixital á propia metodoloxía de aprendizaxe, b) Manexo de todo o kit que leva unha aula abalar (PDI, e-

books… armario, carga, maqueta abalar, software abalar), c) Prácticas interactivas grazas á creación dun curso tutorial accesible en todo momento (coordinación).

Intermedio: d)Posta en marcha de Agueiro. Interrelación co libro dixital, e) Posta marcha actividades en Moodle. Interrelación cos libro dixitais, f) Prácticas interactivas grazas á creación dun curso tutorial accesible en todo momento (coordinación)

Avanzado: g) Elaboración de recursos dixitais propios con distinto software, h) Adaptación dovideocast como ferramenta eficaz de aprendizaxe, i) Difusión do traballo dixital. (Feira educativa), j) Uso de videoxogos como instrumento educativo de gamificación, k) Uso de sotfware de simulación, animación, cálculo, gráfico, squeak, e- toys, etc., l) Uso de e-books, dicionarios electrónicos e bibliotecas virtuais para ou fomento dá lectura, m) Aprendizaxe a través de redes telemáticas como un espazo social de novos coñecementos), -Prácticas interactivas grazas á creación dun curso tutorial accesible en todo momento (coordinación).

Para o dinamizador:

a) A parte de axuda e soporte in situ, creación de cursos- titoriais de todos os elementos necesarios para actualizar o IES Terra de Turonio a unha escola TAC, b) Axuda e soporte in situ, c) Creación de cursos-titoriais de todos os elementos necesarios para actualizar o IES Terra de Turonio a unha escola TAC, d) Xestión e mantemento das aulas abalar, e) Elaboración de materiais para a plataforma, f) Promover un PFAC para formación de profesorado sobre E-dixgal, g) Integración dos proxectos do centro (Plan Lector, Proxectos de Innovación Educativa, Cursos Bilingües, etc.) coa nova tecnoloxía.

### *3.d) Medidas a tomar cara o procesos formativos en competencia dixital*

Antes do emprego do informe de autoavaliación SELFIE, que mide a competencia dixital do centro, empregamos un formulario de avaliación

no que se recolleron os seguintes aspectos para precisar a competencia dixital alumnado/profesorado do noso centro.

Por tanto, e cara a conseguir o noso principal obxectivo de constituir unha escola dixitalmente competente, plantexamos a formación dende dous aspectos. Por unha banda para o alumnado e pola outra para o profesorado.

COMPETENCIA DIXITAL ALUMNADO

Nivel MÍNIMO

1) Coñecer o seu ordenador:

1.1 ) Acendido/apagado. Ter coidado co botón ao premer (fácil estragarse). Saber que se se bloquea pode apagalo premendo durante un minutos o botón.

1.2) O proceso de carga. Ter coidado ao conectar (fácil rotura do conector) . Ver que o led se ilumine. Ver que no escritorio abaixo a dereita a icona batería aparece cun enchufe (ver o porcentaxe de carga). Meter o conector ben dentro porque senón non carga.

1.3) Se a pantalla é dixital se raia facilmente

1.4) Como funciona o touchpad e como conectar un rato.

1.5) Como conectar á WIFI da súa casa. Como facer dun móbil un router.

1.6) Como escribir as teclas especiais como @ € []/() …. e como poñer maiúsculas, a función de bloqueo de maiúsculas /TAB e para que serve o intro.

1.7) Aprender a ter autonomía e iniciativa persoal para a resolución de problemas e dúbidas.

1.8) Para que serve botón dereito/esquerdo do rato.

1.9) Aprender a coidarse na rede.

1.10) Coñecer os meus dereitos e deberes na rede. Saber que e legal e que non é legal facer na rede. Coñecer os dereitos de privacidade das persoas.

Nivel MEDIO

2) Coñecer a maqueta abalar

2.1) Utilidades do botón aplicativos / como buscar un arquivo / como buscar un programa.

2.2) Ver se está conectado a unha wifi.

2.3) Subir/baixar volume / ecualizador. Aprender a chequear que lle pasa ao son.

2.4) Comprobar cámara, altofalantes e micro.

2.6) Saber abrir ficheiro novo e gardar ficheiro de calquera programa. Saber onde se está gardando o ficheiro.

2.7) Saber abrir navegador chromium, firefox o chrome (sabelo descargar e converter en executable é importante para videoconferencia coa plataforma webex).

